

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE 3 BOLSAS DE FORMACIÓN DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

ANTECEDENTES

1 O 09.08.2022 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (en diante, DOG) a Resolución do 21 de xullo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas de formación e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento VI440D).

2 Segundo o ordinal vixésimo primeiro convócanse catro bolsas de formación: unha bolsa para persoas con grao en Enxeñería de Camiños, Canais e Portos, unha bolsa para persoas con grao en Enxeñería Industrial e dúas bolsas para persoas con grao en Arquitectura ou con grao en Estudos de Arquitectura con máster habilitante.

3 De acordo co disposto ordinal décimo sexto da antedita resolución, o 18.10.2022 publicouse portal web do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) <http://igvs.xunta.gal/portada> o informe coa puntuación provisional alcanzada, dando un prazo de 10 días, contados desde o día da exposición na páxina web do IGVS, para presentar as reclamacións oportunas contra esta puntuación a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

4 En atención ao disposto no ordinal décimo sexto da antedita resolución, o 08.11.2022 publícase o informe coa puntuación total e definitiva alcanzada, no que consta: *"que á vista das solicitudes presentadas e admitidas non é necesario remitir o expediente a unha comisión de valoración, polo que non se realizará a entrevista"*.

5 Consonte ao ordinal vixésimo primeiro, punto catro, o 10.11.2022 o director xeral dita resolución motivada establecendo que ao non haber solicitantes para a bolsa que se convoca para persoas con grao en Enxeñería de Camiños, Canais e Portos e





para a bolsa para persoas con grao en Enxeñería Industrial, estas bolsas poden ser cubertas por persoas con grao en Arquitectura ou con grao en Estudos de Arquitectura con máster habilitante.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 O resolvo décimo sexto da Resolución do 21 de xullo establece que o órgano instrutor elevará unha proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

2 Segundo dispón o resolvo décimo quinto da antedita resolución, corresponde á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS resolver sobre a concesión das axudas.

3 As persoas beneficiarias disporán dun prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa notificación da resolución de concesión, para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada. Se algunha das persoas propostas non aceptase a bolsa ou, posteriormente renuncia a ela, concederase a bolsa o/a seguinte candidato/a, segundo a orde de puntuación resultante do indicado no punto décimo sexto da resolución.

4 O resolvo décimo oitavo establece as obrigas das persoas beneficiarias.

De acordo co indicado, PROPOÑO:

1 Conceder as seguintes bolsas ás persoas solicitantes relacionadas a continuación:

- Tres bolsas de grao en Arquitectura ou grao en Estudos de Arquitectura con máster habilitante:

NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN TOTAL
ISABEL COMÍ OSUNA	8,2831
CARMELA RODRÍGUEZ ÁLVAREZ	7,0415
ROI ZAS HERNÁNDEZ	6,9055

2 Declarar deserta unha das bolsas convocadas.





3 As bolsas serán efectivas dende o 1 de decembro, debendo incorporarse o primeiro día hábil do dito mes (xoves 1 de decembro).

Santiago de Compostela,
O director técnico de Solo, Edificación e Calidade
Ricardo Valencia Hentschel

De conformidade coa anterior, RESOLVO:

1 Aprobar a proposta nos termos nela establecidos.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co previsto nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan presentar calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela,
O director xeral do IGVS Heriberto García Porto
Heriberto García Porto

